

## **NOTA DE PRENSA**

*A loita contra o intrusismo, a empregabilidade e a consolidación da profesión son os principais compromisos para a actual lexislatura*

# **Renovada a Xunta de Goberno do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia**

---

- *M<sup>a</sup> Rosa Álvarez Prada encabeza de novo como decana a Xunta de Goberno do COPG, que se renovou nunha terceira parte.*
- *O 5 de xuño tomou posesión o actual equipo, que pretende que o Colexio de Psicoloxía sexa o "verdadeiro motor de transformación para a dignificación, a identidade e o prestixio da profesión fronte a ameazas como as pseudociencias ou o intrusismo".*

*Santiago de Compostela, 8 de xuño de 2018* - Esta semana tomaron posesión dos seus cargos a nova Xunta de Goberno do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, un equipo de trece psicólogas e psicólogos encabezados pola decana, M<sup>a</sup> Rosa Álvarez Prada, que recunca no posto directivo coa intención de dar continuidade ao proxecto iniciado na lexislatura previa.

"A consolidación da psicoloxía na sociedade, a empregabilidade e a loita contra o intrusismo, así como a defensa da psicoloxía como profesión imprescindible no sistema público, serán as áreas prioritarias do noso equipo", explicou a decana. Incorpóranse á Xunta de Goberno catro novas psicólogas, coas que se procurou buscar unha renovación e impulso para a dirección da corporación que agrupa a máis de 3.000 profesionais da psicoloxía en toda Galicia.

Para M<sup>a</sup> Rosa Álvarez, "é tempo de que os psicólogos e psicólogas ocupemos o lugar que nos corresponde na sociedade, e que se nos demanda, e o Colexio debe ser o verdadeiro motor de transformación para a dignificación, a identidade e o prestixio da profesión fronte a ameazas externas, como as pseudociencias, o intrusismo ou a precariedade", asegurou a través dun comunicado difundido a todos os colexiados e colexiadas.

A formación e o desenvolvemento profesional, así como o rigor e a deontoloxía na práctica da psicoloxía, serán dous dos alicerces desta Xunta de Goberno. Así mesmo, traballarase perseguindo o intrusismo profesional, xa que é unha das preocupacións maiores ás que se enfrenta este colectivo, con novas figuras que carecen da fundamentación científica e do rigor profesional esixido á psicoloxía, poñendo en risco a saúde e o benestar das persoas.

A visibilización da profesión e a súa difusión entre a sociedade dos distintos ámbitos de exercicio da psicoloxía, a colaboración coa universidade e a transformación dixital do Colexio son tres dos retos que se expoñen por diante deste colectivo.

### **Nova Xunta de Goberno**

M<sup>a</sup> Rosa Álvarez Prada, *decana*.

Hipólito Puente Carracedo, *vicedecano*.

Ana Isabel Martínez Arranz, *secretaria*.

Sandra Fernández Rodríguez, *vicesecretaria*.

Miguel Ángel Chouza Ponte, *tesoureiro*.

*Vogais:*

Carmen González Pais

Fátima López Rodríguez

Eva Muíño Gómez

José Manuel Oreiro Blanco

Marina Ortega Otero

Socorro Rodríguez Holguín

M<sup>a</sup> Concepción Rodríguez Pérez

Víctor Manuel Torrado Oubiña

**Saúdos,**

**Se desexas ampliar a información, podes contactar co Departamento de comunicación do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia:**

Eliana Martíns:

981 534 049 / 699 908 968 / [comunicacion@copgalicia.gal](mailto:comunicacion@copgalicia.gal)